

**"PENSA GLOBALMENTE". -SÍ, PERO... ¿COMO?.**  
**O EFECTO INVERNADERO. UNHA PROPOSTA DE ACTUACIÓN NA AULA.**

*Isabel García-Rodeja Gayoso*

*Dpto. Didáctica das Ciencias Experimentais. Universidade de Santiago.*

Un dos eslogans mais significativos e utilizados na Educación Ambiental é: "pensa globalmente e actúa localmente". Refírese á necesidade de que os alumnos e o público, en xeral, desenvolvan unha comprensión do contexto global onde teñan significado as súas accións. Sen embargo, o ensino, e en concreto o ensino da bioloxía, tense tratado dunha forma bastante reduccionista e se lles da poucas oportunidades ós alumnos de adquirir esa forma de pensamento global.

Os poucos traballos feitos ate agora encol da a comprensión dos estudantes sobre a problemática ambiental poñen de manifesto unha falta de coñecementos sobre estes temas. Por exemplo, Gomez-Granell e Cervera-March (1993) nun traballo sobre o coñecemento e as actitudes de estudantes universitarios e preuniversitarios sobre a Enerxía e o Medio Ambiente, consideran que o coñecemento da problemática ambiental nestes estudantes é superficial, e que, en xeral, os estudantes non son conscientes do efecto da nosa conducta cotiá sobre o medio ambiente. Boyes e Stanisstreet (1993) nun estudio das ideas de estudantes de secundaria sobre o efecto invernadero, detectaron confusións debidas á fusión de ideas entre cambio climático e diminución da capa de ozono. Así, os estudantes identifican a diminución da capa de ozono co efecto invernadero. Outro problema, que sinalan estes autores, é que os estudantes, aínda que son conscientes de que existen accións "boas" e "malas" para o medio ambiente, non establecen vínculos entre causas particulares e consecuencias particulares.

Polo tanto, é importante, clarificar as causas, os mecanismos e as solucións para cada problema ambiental particular e tamén reflexionar sobre as competencias para cada acción particular.

Tanto a intensificación do "Efecto Invernadeiro" como a diminución da "Capa de Ozono" son temas dunha gran actualidade. Non existe acordo entre os expertos sobre as consecuencias destes feitos, e as predicións fanse dende un coñecemento incompleto. A información dos medios de comunicación é, ás veces, confusa e sesgada. A polémica provoca certa confusión, e nalgúns casos isto conleva un certo escepticismo.

Nós consideramos que ós nosos estudantes, futuros mestres, débeseles dar información para poder entende-los problemas ambientais e desenvolver habilidades para poder avaliar distintas informacions, tomar decisións, propoñer as súas propias solucións, ademais de formar as súas propias opinións e ser capaces de xustificalas. Isto é importante para a súa formación como individuos así como para a súa formación como profesionais do ensino, xa que é esencial que se sintan competentes a hora de deseñar actividades de ensino-aprendizaxe para os seus futuros alumnos

Ó tratar un tema como a intensificación do "Efecto Invernadeiro" ou a diminución da "Capa de Ozono", podemos optar por un enfoque analítico ou sistémico. Nesta comunicación discútese as vantaxes dun enfoque sistémico á hora de preparar materiais, e de seleccionar ideas, para axudar ós estudantes a comprender os problemas ambientais globais. En concreto, preséntanse as actividades elaboradas sobre o efecto invernadeiro, que se realizan con alumnos de Maxisterio, nunha clase onde o nivel de coñecementos en materias científicas é moi heteroxéneo.

### **Bibliografía.**

- Gomez- Granell, C. y Cervera-March, S. 1993. Development of conceptual knowledge and attitudes about energy and the environment. *International Journal of Science Education*, 15 (5):553-565.
- Boyes, E y Stanisstreet, M. 1993 The 'Greenhouse Effect': children's perceptions of causes, consequences and cures. *International Journal of Science Education*, 15 (5):531-532.